

**DON JOSÉ ANTONIO MOURELLE CILLERO, SECRETARIO DO CONCELLO DE
MONFORTE DE LEMOS (Lugo)**

CERTIFICA

Que a Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o día 17.02.2025, adoptou entre outros o seguinte acordo:

**BASES PROCESO SELECTIVO PARA CREACIÓN DUNHA BOLSA DO
POSTO DE EDUCADOR/A SOCIAL**

“PRIMEIRO. Á vista da proposta da Concelleira de Réxime Interior, aproba

“BASES PROCEDIMENTO URXENTE PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA
DUN/DUNHA EDUCADORA/A SOCIAL ANTES AS POSIBLES BAIXAS OU
AUSENCIAS OU PARA PROGRAMAS DETERMINADOS”

I.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

*O obxecto da presente convocatoria é a provisión, mediante o
procedemento de oposición libre, como personal laboral temporal,
dunha BOLSA de EDUCADORA/A SOCIAL (A2).*

II.- FUNCÍONS DA PRAZA.

A praza que se convoca terá as seguintes funcións:

- *Apoio á inclusión básica a través do fortalecemento de capacidades persoais e sociais*
- *Apoio á inclusión residencial*
- *Mediación social e intercultural*
- *Calquera outra vinculada os fins da subvención que lles poida ser encomendada.*
- *Colaborar na elaboración do programa para o usuario polo equipo: traballadores, psicólogos e educadores.*
- *Elaborar programas individuais ou colectivo para desenvolver as capacidades educativas e os modelos educativos parentais, así como nas relacións de convivencia.*
- *Visitar a domicilio as familias para intervención ou seguimento de programas.*
- *Realizar informes do seguimento do programa e a avaliación continua.*
- *Comprobar a través das visitas como se leva a cabo o programa.*
- *Garantir o dereito ao ensino, prever e xestionar o absentismo escolar e preparar os correspondentes informes na materia.*
- *Xestionar as axudas que en cada momento corresponda.*
- *Apoio en secretaría cando é necesaria a miña presenza.*



- *Tramitar e valorar as axuda de becas do material escolar do Concello.*
- *Efectuar calquera outra tarefa propia da súa categoría que lle sexa encomendada dentro das súas funcións de acordo co seu grupo profesional.*

III.- NORNATIVA APLICABLE

A realización deste procedemento rexerese polo previsto nestas Bases e anexos correspondentes, e, na súa falta, estarase ao establecido:

- *Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público*
- *Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia*
- *Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local*
- *Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de Abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local*
- *Lei 30/84, de 2 de agosto de Medidas para a Reforma da Función Pública*
- *Real Decreto 896/1991, de 7 de Xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local*
- *Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado*
- *Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.*

IV IGUALDADE DE TRATO

A presente convocatoria ten en conta o principio de igualdade de trato entre mulleres e homes polo que se refire ao acceso ao emprego, de acordo co artigo 14 da Constitución Española; o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015 , do 30 de outubro; a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; e a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

V.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para ser admitidos/as á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir, antes de que remate o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:



- a) *Ter a nacionalidade española ou estar incurso nalgún dos supostos previstos no art. 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.*
- b) *Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.*
- c) *Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das correspondentes funcións.*
- d) *Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas asignadas ao posto.*
- e) *Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que se houberse separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haberse sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.*
- f) *Estar en posesión do título de diplomado en educación social, título de grao en educación social ou ben encontrarse nalgún dos supostos previstos pola Lei 1/2001, do 22 de xaneiro, de creación do Colexio de Educadores Sociais de Galicia ou estar en condicións de obtelo na data de fin do prazo da solicitude. A posesión dos títulos acreditarase con copia compulsada dos mesmos, para o caso de titulacións estranxeiras precisase a acreditación da súa homologación en España de acordo coa normativa aplicable.*
- g) *Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.*
- g) *Ingresa na conta ES 96 2080 0126 2031 1000 0019 a nome do Concello de Monforte de Lemos a taxa por dereitos de exame por importe de 25,16 € prevista na ordenanza municipal reguladora da taxa para estudo, análise e expedición de documentos publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 290 do día 20 de decembro de 2016. En ningún caso o ingreso da citada cantidade suporá a substitución do trámite de presentación de solicitudes. Só procederá a devolución do importe satisfeito polo /a aspirante cando por causas non imputables ao suxeito pasivo non teña lugar por parte do Concello a prestación, ou cando os ingresos declárense indebidos por resolución ou sentenza firme ou se producise unha modificación substancial das bases da convocatoria.*

De acordo co establecido no art. 59 do TREBEP, en concordancia co previsto no Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, nas presentes probas serán admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións que os/as demais aspirantes. As persoas que, como consecuencia da súa discapacidade, presenten especiais dificultades para a realización das probas selectivas deberán presentar a petición correspondente na solicitude de participación na



convocatoria, indicando as adaptacións e axustes razoables de tempos e medios oportunos das probas do proceso selectivo. Con este fin, o Tribunal aplicará as adaptacións de tempos previstas na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

Os/as interesados/as deberán formular a petición correspondente ao solicitar a participación na convocatoria.

Igualmente, deberán achegar certificación expedida polo órgano competente da Xunta de Galicia ou da Administración do Estado, que acredite tal condición así como de forma fidedigna a/s deficiencia/s permanentes que dean orixe ao grao de discapacidade recoñecido, para que o tribunal poida valorar a procedencia ou non da concesión da adaptación solicitada.

Para a concesión ou denegación das solicitudes de adaptación, terase en conta que as mesmas non deberán desvirtuar o contido do exercicio, nin implicar redución nin menoscabo do nivel de suficiencia exigible para superar o proceso selectivo, así como que a adaptación garde relación directa co formato do exercicio a realizar.

VI IGUALDADE DE CONDICIÓN S DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

De acordo co establecido no art. 59 do TREBEP, en concordancia co previsto no Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, nas presentes probas serán admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións que os/as demais aspirantes. As persoas que, como consecuencia da súa discapacidade, presenten especiais dificultades para a realización das probas selectivas deberán presentar a petición correspondente na solicitude de participación na convocatoria, indicando as adaptacións e axustes razoables de tempos e medios oportunos das probas do proceso selectivo. Con este fin, o Tribunal aplicará as adaptacións de tempos previstas na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

Os/as interesados/as deberán formular a petición correspondente ao solicitar a participación na convocatoria.

Igualmente, deberán achegar certificación expedida polo órgano competente da Xunta de Galicia ou da Administración do Estado, que acredite tal condición así como de forma fidedigna a/s deficiencia/s permanentes que dean orixe ao grao de discapacidade recoñecido, para que o tribunal poida valorar a procedencia ou non da concesión da adaptación solicitada.

Para a concesión ou denegación das solicitudes de adaptación, terase en conta que as mesmas non deberán desvirtuar o contido do exercicio, nin implicar redución nin menoscabo do nivel de suficiencia exigible para superar o proceso selectivo, así como que a adaptación garde relación directa co formato do exercicio a realizar.



VII. EMBARAZO DE RISCO OU PARTO

Se por mor de embarazo de risco ou parto, debidamente acreditados, algunha das aspirantes non puidese completar o proceso selectivo ou realizar algún exercicio, a súa situación quedará condicionada á finalización do proceso e á superación das fases que quedasen aprazadas, sen que estas poidan demorarse de maneira que se menoscabe o dereito dos/as demais aspirantes a unha resolución do proceso axustada a tempos razoables, o que deberá ser valorado polo Tribunal e, en todo caso, a súa realización terá lugar antes da publicación da lista de aspirantes que superaron o proceso selectivo.

VIII.-SOLICITUDES.

Os que desexen tomar parte nestas probas selectivas, deberán facelo constar en instancia dirixida ao Sr. Alcalde, que lles serán facilitadas polo Rexistro Xeral do Concello de Monforte de Lemos e na Páxina Web do Concello de Monforte de Lemos (www.monfortedelemos.es).

As solicitudes acompañarán:

- Instancia no modelo que figura na páxina web municipal para o efecto*
- Fotocopia do DNI.*
- Xustificante de pago da taxa.*
- Certificado CELGA 4 ou equivalente.*

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Concello de Monforte de Lemos, ou conforme ao disposto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De presentar a solicitude nunha oficina de correos, farase en sobre aberto para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada. De non ser así non poderá estimarse como presentada en data.

O prazo de presentación de solicitudes é de DEZ (10) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

IX.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e comprobado que os/as aspirantes reúnen os requisitos necesarios para participar no proceso selectivo, o Sr. Alcalde ditará resolución aprobando a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as xunto, no seu caso, coa causa de exclusión.

Esta relación será publicada no Taboleiro Municipal de Edictos (Praza do Campo de San Antonio, s/n) e na Web municipal www.monfortedelemos.es,



a efectos de reclamacións que poderán presentarse no prazo de 5 días hábiles.

As reclamacións e emendas, se as houbese, serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que será publicada na forma antes indicada. No caso de que non existan aspirantes excluídos ou non se presenten reclamacións nin emendas a lista provisional será elevada automaticamente a definitiva.

O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ós/ás interesados/as a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

X.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal Cualificador estará constituído por un/unha Presidente, tres Vogais e un/unha Secretario/a e os seus respectivos suplentes.

- a) Presidente: Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo a designar pola persoa titular da Alcaldía.*
- b) Vogais: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo a designar pola persoa titular da Alcaldía*
- c) Secretario/a: O da Corporación ou funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo en quen delegue.*

Non poderán formar parte do órgano de selección o persoal de elección ou de designación política, os/as funcionarios/as interinos/as e o persoal eventual.

A pertenza ao Tribunal será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A súa composición ten que cumprir o disposto no artigo 60 Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e o art. 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Os membros do Tribunal Cualificador deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Para a válida constitución do órgano de selección a efectos de celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requírese a presenza do/da presidente/a, do/da secretario/a ou, no seu caso, dos que os substitúan, e de polo menos un/unha vogal



Excepcionalmente, no caso de ausencia do/da presidente/a titular e suplente fará as súas veces un dos/das vogais pertencentes á categoría convocada, e, no seu defecto, calquera dos/das demais vogais, en ambos casos pola orde no que figuren designados/as nas vogalías.

No caso de ausencia do/da secretario/a titular e suplente, fará a súas veces un/unha vogal dos/das que se atopen presentes pola orde no que figuren designados/as nas vogalías.

De non existir quórum, procederase a efectuar unha nova convocatoria no prazo máis breve posible.

Os membros do Tribunal Cualificador deberán absterse de intervir, notificándoo á Alcaldía, e os/as aspirantes poderán recusalos, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Tribunal Cualificador constituirase de acordo co establecido no artigo 17 da indicada Lei de Réxime Xurídico do Sector Público, e as decisións adoptaranse por maioría dos votos presentes, resolvendo en caso de empate, o voto do que actúe como Presidente, sendo secretos os seus acordos e deliberacións.

O Tribunal Cualificador queda facultado para resolver as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación das Bases, para decidir respecto do non contemplado nas mesmas.

XI.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

O lugar, data e hora de inicio do primeiro exercicio publicarase no Taboleiro de Anuncios e na Páxina Web do Concello.

A puntuación máxima da oposición será de 100 puntos e consistirá na superación das probas que, a continuación, se relacionan:

PRIMEIRA PROBA : DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.

Constará de catro partes:

1) TEÓRICA.

Consistirá en contestar, por escrito, no tempo que estime o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 40 preguntas, con catro respostas alternativas, relacionadas coas materias que figuran como Anexo a estas bases. O cuestionario será determinado polo Tribunal Cualificador inmediatamente antes do inicio do exercicio.



Esta parte cualificarase de 0 a 40 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 20 puntos para poder superala e que o Tribunal Cualificador poida corrixir a segunda parte do exercicio.

A cualificación farase computándose as respostas contestadas correctamente a razón de 1 punto.

As respostas incorrectas penalizarán de forma que cada tres respostas incorrectas penalizase cunha resposta correcta. Non computarán as respostas non contestadas

2) PRÁCTICA.

Consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos ou realizar as tarefas que proporá o Tribunal Cualificador, relacionadas coas materias obxecto do Temario que figura como Anexo I, a estas bases, no prazo establecido polo órgano de selección en función da natureza da proba.

Esta parte cualificarase de 0 a 40 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 20 puntos para superala.

3) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA. OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.

O Tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos/as aspirantes, mediante unha proba que se cualificará como apto ou non apto. Porén, ás persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega con carácter previo (anexo I, 4 da Orde do 16 xullo 2007, DOG do 30 xullo 2007, CELGA 4 ou equivalente) daráselle por superada esta proba coa cualificación de apto. Esta proba poderase realizar oral ou por escrito.

3) ENCONTRO CURRICULAR:

Ata un máximo de 20 puntos, conforme ás seguintes regras:

Consistirá nun encontro co tribunal cualificador, por un tempo máximo de dez minutos, no que se realizarán preguntas ó/a aspirante sobre a súa experiencia profesional e sobre o coñecemento e contidos das funcións a desenvolver na praza convocada, así como sobre o coñecemento da organización e normativa municipal do Concello de Monforte de Lemos. Valorarase a corrección técnica e a claridade na exposición de ideas, a comprensión dos coñecementos e a capacidade de expresión.

Puntuación máxima da oposición.- 100 puntos.

O tribunal poderá acordar o número de respostas respondidas correctamente necesarias para acadar a dita puntuación mínima, cualificándose o resto proporcionalmente.



As decisións e os acordos que afecten á cualificación e á valoración das probas (determinación do número de preguntas correctas para alcanzar á puntuación mínima, fixación de criterios de valoración, etc.) deberán adoptarse sen coñecer a identidade das persoas aspirantes ás que corresponden os resultados obtidos.

Os/as aspirantes, que serán convocados en chamamento único, aínda que se podan dividir en varias sesións a realización do exercicio que así o requira, quedarán decaídos no seu dereito cando comparezan nos lugares de celebración unha vez iniciadas as probas ou pola non asistencia ás mesmas, aínda cando se deba a causas xustificadas. Tratándose de probas de carácter individual e sucesivo, o Tribunal de selección poderá apreciar as causas alegadas e admitir ao/á aspirante, a condición de que as mesmas non finalizasen e dita admisión non menoscabe o principio de igualdade co resto de aspirantes.

A orde de actuación dos/as aspirantes nos exercicios nos que non poidan actuar conxuntamente iniciárase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra «V», atendendo, a estes efectos, á ordenación alfabética resultante da listaxe de aspirantes admitidos. No caso de que non exista ningún aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra «V», a orde de actuación iniciárase por aqueles/as cuxo primeiro apelido comece pola letra «W», e así sucesivamente. Todo iso de conformidade á Resolución do 25 de xullo do 2024, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado.

O Tribunal de selección poderá requirir aos/ás aspirantes en calquera momento para que acrediten a súa personalidade, a cuxo fin deberán acudir provistos do DNI ou, en defecto deste, doutro documento oficial que acredite a súa identidade sempre que os mesmos non estean caducados. Se en calquera momento do procedemento de selección chegara a coñecemento do Tribunal que algún/algunha dos/as aspirantes carece dos requisitos esixidos na convocatoria, excluiráselle da mesma previa audiencia do/a propio/a interesado/a, dando conta, no seu caso, á xurisdición ordinaria se se apreciase inexactitude fraudulenta na declaración que formulou.

Todos/as os/as aspirantes deberán acudir provistos/as do DNI/NIF ou Pasaporte, no seu caso, que deberán conservar durante o desenvolvemento de todas as probas a disposición do Tribunal. Tamén deberán acudir con bolígrafo de cor azul.

Rematada a fase de oposición, o Tribunal publicará no Taboleiro de Anuncios e na Páxina Web do Concello de Monforte de Lemos, a relación de aspirantes aprobados, coa indicación da puntuación final obtida, conforme ao estipulado nas bases reguladoras do proceso selectivo.

XII.- CUALIFICACIÓN FINAL DO PROCESO SELECTIVO

A cualificación final do proceso selectivo será o resultado da suma das puntuacións obtidas.



En caso de empate na puntuación, terase en conta o seguinte criterio para o desempate:

- a maior puntuación obtida na proba práctica*
- en caso de persistir o empate terase en conta a maior puntuación obtida na proba teórica*
- en caso de persistir o empate a maior puntuación obtida no encontro curricular*
- se, aínda así persistise o empate, resolverase por sorteo.*

XIII.- FUNCIONAMENTO DA BOLSA

Crearase unha lista de agarda, na que os/as aspirantes se situarán por orde de maior puntuación.

Cando sexa necesario proceder o chamamento para cubrir a praza, ofertarase ao/á primeiro/a da lista que estea pendente de chamar, por orde de mellor puntuación.

A medida que se produzan necesidades cuxa cobertura sexa solicitada procederase da seguinte forma:

A unidade de recursos humanos do Concello poranse en contacto telefónico co/coa aspirante, seguindo rigorosamente a orde establecida na lista.

No caso de que non se poida localizar a un/unha aspirante de forma telefónica, intentarase por medio dun SMS e/ou wasap ou correo electrónico (de existir dirección), debendo o/a aspirante dar unha contestación no prazo máximo de setenta e dúas horas; sendo o/a aspirante non localizado/a colocado/a na mesma posición que tiña adxudicada orixinariamente na lista de espera.

Se o/a aspirante rexeita a oferta de emprego, pasará ao final da lista, salvo que o/a interesado/a manifeste expresamente a súa vontade de ser excluído/a da mesma.

O/A aspirante que, integrado/a na lista de agarda, sexa chamado/a para cubrir unha necesidade e alegue e xustifique a imposibilidade de incorporación efectiva por estar traballando, ou de baixa laboral, continuará na lista de agarda na mesma posición que ocupaba inicialmente, aínda que non será activado/a na lista e chamado/a para unha nova oferta ata que comunique a unidade de recursos humanos do Concello que esta dispoñible por terse modificado a causa que alegou para non aceptar a oferta de traballo. Destas incidencias deixarase constancia no expediente administrativo.

Se existise, no momento do chamamento, máis dunha vacante dispoñible que deba ser cuberta, deberanse ofertar aos/ás aspirantes en función da orde de prelación que ostenten. O/A aspirante que sexa obxecto de contratación, unha vez finalizada a súa prestación, será reintegrado/a na lista de agarda na mesma posición que tiña orixinariamente.



A lista de agarda creada a partir deste proceso selectivo terá vixencia ata a convocatoria doutro proceso selectivo que a substitúan.

XIV.- RECURSOS

Contra as presentes bases poderá interperse recurso potestativo de reposición ante o órgano que aprobou as aprobou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, ou ben interpor directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados igualmente desde o día seguinte ao da súa última publicación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, todo iso de conformidade cos artigos 114. 1c), 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

No caso de interposición de recurso de reposición, deberase esperar a que este se resolva e notifique, ou ben a que poida ser entendido como desestimado en virtude de silencio. Non obstante o anterior, os interesados poderán presentar calquera outro recurso que estimen procedente en defensa dos seus dereitos e intereses.

Os actos do tribunal cualificador poderán ser recorridos, mediante recurso de alzada, ante o Sr. Alcalde, órgano que nomea ao seu presidente, de conformidade co disposto nos arts. 121 e 122, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

XV.- PUBLICIDADE DOS TRÁMITES.

As presentes bases e os sucesivos actos que requiran de publicidade, anunciaranse no Taboleiro Municipal de Edictos (Praza do Campo de San Antonio,s/n) e na páxina web municipal.

XVI. INCOMPATIBILIDADES

O/A aspirante proposto/a quedará suxeito/a, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

XVII. INCIDENCIAS

O Tribunal de selección queda facultado para resolver as dúbidas que xurdan durante o proceso selectivo e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas Bases.

XVIII. VINCULACIÓN DAS BASES

As presentes Bases vinculan ao Concello, ao Tribunal de selección e a quen participe no proceso selectivo. Tanto as Bases, como cantos actos administrativos deriven da convocatoria e da actuación do Tribunal de



selección poderán ser impugnadas polos/as interesados/as nos casos, prazos e forma establecida na LPACAP.

XIX. DISPOSICIÓN FINAL.

Contra estas Bases, que poñen fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación. Alternativamente poderá interpoñerse recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo con sede en Lugo, no prazo de dous meses, de conformidade co establecido nos arts. 112 e ss. da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas -LPACAP-, e 8, 10 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa. Sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que sexa procedente e estimen oportuno

ANEXO I TEMARIO PARTE XERAL.

Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura. Procedemento de reforma.

Tema 2.- Dereitos fundamentais e libertades públicas. A súa garantía.

Tema 3.- A Coroa. A sucesión o Refrendo

Tema 4.- As Cortes xerais. O Congreso. O senado. Composición.

Tema 5.- O goberno. Composición e función. A elección do Presidente do Goberno.

Tema 6.- A organización territorial do Estado. As comunidades autónomas. A administración local.

Tema 7.- O Tribunal Constitucional. Composición e función. O Defensor do Pobo.

Tema 8.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: Contido. Competencias da Comunidade Autónoma. O Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tema 9.- O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadramento. Organización municipal. Órganos e competencias. O Alcalde, O Pleno, a Xunta de Goberno Local e as comisións informativas.- Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificados dos acordos.

Tema 10.- O procedemento administrativo. Concepto e natureza. Fases do procedemento administrativo. Os recursos administrativos. Actos susceptibles de recursos.

PARTE ESPECIFICA

1.- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia: definición e obxectivos , estrutura do sistema , catálogo de Servizos Sociais e equipo profesional e funcións.

2.- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento: Natureza, contido, funcións e programas dos Servizos Sociais comunitarios básicos. Os servizos sociais



comunitarios no sistema de servizos Sociais. Os Servizos Sociais comunitarios específicos.

3.- Os servizos sociais no Concello de Monforte de Lemos: recursos sociais e prestacións existentes.

4.- O traballo en equipo en servizos sociais. Interdisciplinariedade. Instrumentos de traballo en equipo.

5.- O/A educador/a social. Funcións e tarefas. Ámbitos concretos de intervención. Obxectivos da acción socioeducativa. Persoas destinatarias. Metodoloxía.

6.- Intervención socioeducativa no ámbito dos Servizos Sociais comunitarios básicos.

7.- Habilidades básicas na entrevista en intervención familiar. Etapas da primeira entrevista. A alianza terapéutica: o educador e a familia. Habilidades básicas de comunicación e resolución de conflitos.

8.- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

9.- A familia como obxecto de intervención na educación social: concepto, estrutura e funcións. Modelos, técnicas e instrumentos de intervención. Familias en situación ou risco de exclusión social.

10.- A adolescencia. Definición. Cambios físicos e psicolóxicos. Pautas educativas.

11.- Os malos tratos na infancia. Definición. Tipoloxía. Factores de risco. O proceso de intervención ante os malos tratos infantís.

12.- Parentalidade positiva: concepto e principios.

13.- Absentismo escolar. Concepto. Causas. Protocolos de actuacións

14.- A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia: RISGA e AIS

15.- A violencia de xénero. Conceptualización. Tipos de malos tratos. Características. O ciclo da violencia.

16.- Decreto Legislativo 2/2015, de 12 de febrero, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de igualdad: Disposiciones generales e integración transversal del principio de igualdad en las actuaciones de la Administración pública.

17.- Minorías étnicas: necesidades e recursos.

18.- Inmigrantes: necesidades e recursos.

19.- Educación para a convivencia e a paz. Estratexias educativas para o fomento da interculturalidade e mediación social

20.- A Lei de protección de datos de carácter persoal: principios de protección de datos e dereitos das persoas.

SEGUNDO.- Aprobar a convocatoria do dito proceso selectivo: publicación extracto convocatoria BOP e páxina Web."

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Monforte de Lemos. Na data da sinatura dixital.

Vº e Pce.
O ALCALDE



